



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE XULLO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. María del Carmen Gueimunde Vila, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Celestino V. García Paz, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinte e un de xullo do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez e o Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO
CONCELLO DE VIVEIRO PARA O EXERCIZO 2008.**

Polo Sr. Alcalde-presidente outórgase o uso da palabra ao concelleiro delegado de Economía e Facenda, D. Rafael Fernández Amor, que comeza a súa exposición dicindo que os Orzamentos municipais do ano 2008 respostan aos principios de rigor, equilibrio e transparencia. Que o importe dos memos ascende a 23.429.230,49 euros; pasando seguidamente a facer un resumo das partidas correspondentes aos gastos así como aos ingresos. Cita tamén o préstamo que dí, é preciso concertar, para equilibrar o Orzamento do presente, igualmente os gastos de Persoal, que dí son un dos capítulos máis importantes, refiríndose a seguir ao capítulo da compra de bens e servizos, que enumera de maior a menor, sinalando o incremento que se fixo xa no goberno bipartito nos gastos do servizo de axuda a domicilio.

A continuación pasa a falar da previsión de ingresos, para o que alude aos impostos directos, indirectos así como ao Capítulo de participación nos ingresos do Estado, para finalizar afirmando que o seu Grupo do PS de G-PSOE, presenta estes Orzamentos como resulta evidente para que sexan aprobados.



Na súa quenda intervén o voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, dicindo que se congratulan da aprobación dos Orzamentos, aínda que se atopan coa sorpresa dun Presuposto dificilmente dixerible, segundo o informe do Interventor, que dí fai reparos en múltiples capítulos do Orzamento de gasos e de ingresos. Que se parte do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Que igualmente fai reparo para que se aprobe un Plan económico-financieiro nun prazo de tres meses. Pasando de seguido a desgranar do Informe de Intervención exemplos como: O capítulo II de gastos en bens correntes e servizos, que dí que as partidas que se aproban de gastos son insuficientes...Partida de combustible de colexios...Partida de Recollida do lixo...

Que o Capítulo III de Gastos Financeiros non coincide co estado de previsión da débeda...Capítulo IV, Emerxencia Social, contía insuficiente. Non se especifica, dí, o tipo de financiación en Capítulo VI e hai un reparo suspensivo. No Capítulo VII, compromiso POL, dí que se fai constar no Informe que a aportación municipal debe constar no Presuposto.

En canto ao Capítulo de Ingresos dí que textualmente o Informe considera de difícil cumprimento, facendo mención entre outras á partida de ingresos por licenzas de obras...Conclúe dicindo que tendo en conta o contido do informe de Intervención que recomenda se incremente o tipo existente no IBI para poder alcanzar o principio de equilibrio; incremento do 10 % que considera aínda insuficiente para equilibrar o Orzamento; que non fai falta ser un Licenciado en dereito ou económicas para apreciar o que dí o Informe. Polo que dado que os milagres só se fan en Fátima ou Lourdes é polo que o seu Grupo vai votar en contra dos Presupostos do ano 2008.

Seguidamente na súa quenda, o concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, da lectura da súa intervención que textualmente dí:

“ Os Orzamentos que imos debatir hoxe fan bon o dito tan común entre nos de tarde, mal e arrastro.

1º) Tarde, non porque se presente fora do prazo legalmente establecido, algo que é unha práctica normal, nin mismamente porque resulte chocante que teñamos que discutir un documento para un exercicio que xa está consumido casi na súa metade. Dicimos que chegan tarde porque o grupo de goberno nos presenta uns orzamentos sen haber tempo material para a súa discusión. Supoñemos que esta premura lles entrou agora a vostedes é porque vostedes mesmos se dan conta que estes non son uns orzamentos presentábeis e por iso quérenos discutir con nocturnidade ou alevosía. Si vostedes son os primeiros que se dan conta que estes son uns orzamentos que non valen para ver, por iso quérenos aprobar sen que se entere ninguén. Pregúntome eu agora e supoño que moitos veciños de Viveiro se son os orzamentos participativos que recollían no seu programa electoral. E agora xa respondo, efectivamente estes orzamentos responden ao talante e ao estilo do goberno de Viveiro, un goberno que é incapaz de dialogar e de chegar a cordos é o que é máis grave que non quere chegar a acordos. Explique senón que marxe hai para introducir propostas se en catro días pretende liquidar o debate. E volvo a dicir que chegan tarde porque o único interese que ten o goberno con estes orzamentos é o de formalzar unha operación de tesourería, imos ver o famoso crédito de 1.100.000 Euros, para cubrir os buracos e os desaguizados xenerados por un goberno ausente. 1.100.000 Euros, non para investir, non para poñer andar novos proxectos, 1.100.0000 Euros que estou por garantir que están xa gastados ou comprometidos.



2º.- Estes Orzamentos chegan mal, mal nas cuestións máis básicas, e non dí isto o BNG, di o propio interventor. Abonda con botarlle unha ollada ó demoledor informe do servizo de intervención para darnos conta da chapuza que trae aquí o grupo de goberno. Cada día nos estranan menos certas decisións xudiciais, cando vemos unha acción de goberno que prescinde e non fai caso das indicacións dos servizos municipais.

Pero é que estes orzamentos están mal, están mal porque representa unha auténtica trampa contable que pretende inchar a partida de ingresos para poder acometer máis gastos, sabendo que están endebedando e poñendo nunha situación máis crítica ao Concello. Non vou entrar a detallar partida por partida o desfase contábel, pero si que quero poñer riba da mesa algúns exemplos do que estou dicindo. Pensemos senón no concepto 282 onde se pasan duns dereitos liquidados no 2007 de 187.602,80 Euros a unha previsión de ingresos de 990.021,25 Euros, ou na Taxa por Licenza de Obra onde no exercicio 2007 se recoñecen dereitos liquidados por 158.178,46 Euros e se fixan para este ano unhas previsións de 525.495,65 Euros, téndose liquidado no que vai de ano 71.000 Euros aproximadamente. Xa sei que non lle estou a dicir nada novo, e iso é precisamente o grave, que sendo coñecedores de isto, tiren para adiante. Que pasa, que Viveiro xa lles dá igual, que o importante é saír do paso, ou que este Concello non lles importa?.

E digo que estes Orzamentos está mal para Viveiro, que estes orzamentos non lles valen a Viveiro, non porque estean fora da legalidade como advirte o interventor cando afirma que se vulnera o principio de estabilidade Orzamentaria tal como establece a lexislación de aplicación senón porque estamos diante duns Orzamentos que apuntan un remanente de tesourería negativo para o ano que ven. Neste sentido debemos reparar todos que o aforro neto e o remanente de tesourería son as dúas magnitudes que nos permiten analizar a saúde financeira dun Concello, e coas previsións que se apuntan no informe de intervención temos que concluír que a capacidade do concello para xerar recursos propios é máis que limitada.

Os orzamentos son o documento que plasma o proxecto que un Goberno ten para un Concello, e estes Orzamentos non debuxan ningún proxecto para Viveiro. A equipa de goberno mesmamente para agochar isto acude a incluír na partida de inversións actuacións que habería que recoller no capítulo de gasto corrente. As únicas inversións de calado que se recollen nos Orzamentos son aqueles que comprometemos os nacionalistas en campaña electoral, por unha banda as que teñen que ver coa rehabilitación e a posta en valor do casco histórico financiadas na súa parte maioritaria pola Consellería de Vivenda e actuacións como o arranxo da Rúa Pastor Díaz ou en equipamentos comerciais tamén financiadas no groso por outra Consellería nacionalista. Asemade o BNG quere denunciar a ausencia total de compromiso deste Orzamentos coa nosa zona rural, coas parroquias do Concello e o oscurantismo das partidas que non concretan as inversións, que sen pensar mal dá para entender que as obras se pretenden facer en función do cliente. Na mesma liña entendemos que non poden diminuír senón que teñen que aumentar as partidas dirixidas ao gasto social, nomeadamente a emerxencia social e a completar o Plano Concertado. A ideoloxía para o BNG é unha guía de acción política non unha cucharía de consumo interno noutro lado do charco.

3º) E este Orzamentos chegan arrastro. Chegan arrastro como case todo o que fai este goberno. Os veciños de Viveiro non se merecen un goberno que fixo da deixación de función e do abandono a súa folla de rota. Un goberno ten que estar e ten que saber.



Un goberno ten que solucionar problemas en non criar outro, onde hai un. E este presuposto o que está a criarlle un problema engadido aos veciños de Viveiro. Os Orzamentos que hoxe discutimos aquí son fiel reflexo de que o grupo de goberno, de que o Alcalde andan a otura cousa. En definitiva que para este Alcalde, Viveiro non é unha prioridade. No BNG temos claro que Viveiro, que a Alcaldía de Viveiro non pode ser moeda de cambio, para outras cuestións. Nesta liña a nosa proposta é que os Orzamentos se deixen riba da mesa para a súa modificación segundo as recomendacións de intervención e co fin de recoller verdadeiramente as propostas das entidades veciñais, sociais e grupos da corporación. No caso contrario, isto é, no caso de que a maioría da Corporación rexeite a nosa proposta, votaremos en contra do Orzamento”.

A continuación correspóndelle o uso da palabra ao concelleiro do IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que comeza dicindo que el non vai felicitar por traer os Orzamentos nesta data ao Pleno. Que había idea de traelos en xaneiro ou incluso, dí, antes desa data. Que en xaneiro os usuarios da Pontelabrada fixeron unha esixencia que se tería que levar a cabo no primeiro semestre do 2008; que agora hai pouco tempo. De ahí a súa negativa a dar felicitacións. Que nin siquiera se fixo o proxecto de dito local, dado o abandono desa instalación. Que vai a votar a favor destes Orzamentos aínda que nin durante o goberno bipartito nin agora se presupuestou un euro para vivendas sociais. Que é preciso que se cambie esa dinámica. Que o informe de Intervención fai una serie de recomendacións, que Aquagest pide un diñeiro, pero el mesmo se pregunta, ¿porqué se lle vai a dar?. A continuación fai referencia ás multas como fonte de ingresos que cita o Interventor e repite dí o que xa dixo na sesión da Comisión Informativa, que as multas non teñen como fin a recadación senón o cumprimento das obrigas que a normativa establece. Que como xa dixo vai votar a favor destes Orzamentos.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente sinala que se está a mitificar un Informe de Intervención naqueles argumentos que supoñen un benefizo para os Partidos da oposición. Que o seu goberno non traiciona os efectos da suspensión das NSPM, xa que trata de conseguir un Concello sostible. Que el Interventor municipal faga uso deses argumentos cando o Xulgado reclame as débedas de Construcciones Paulino González e demais. Que cómpre ser valientes con todos non só co Goberno Municipal. Que polo PP se está a facer unha valoración dos orzamentos dura, aínda que equilibrada. Que a propia palabra presuposto xa o indica; presuposto é presupoñer. Que o Interventor fai unha presunción de que o Euríbor vai chegar ao 6 %. Que moi amablemente ninguén dos Concelleiros dixo que o Interventor dí que hai que deixar de pagar os Complementos Específicos e de Productividade; todo elo dí a pesares do pouco tempo, que din algunhos, que tiveron para examinar o Presuposto.

Que o Informe do Interventor se equivoca e un millón de euros na Partida de Persoal. Que polo que respecta á recollida do lixo, fai súas as verbas do concelleiro de IU-EU e tamén se pregunta: ¿Quen fai os Orzamentos?, fainos o Concello ¿o a Empresa Aquagest?. Igualmente refírese á xestión do Punto Limpo, no que a Concesionaria dí, pretende máis importe nos ingresos.

Que entende que se poda pensar que non se vai recadar o estimado entre setembro e decembro de 2008; aínda que considera unha incongruencia que se pida máis gasto social e por outra banda se afirme que están inflados os ingresos.

Que con todos os respectos ao BNG ten que dicirlle que lle parecía estar escoitando a intervención do PP no ano 2006 en similares datas. Que considera que



dados os termos da súa intervención nesta sesión, lle fai un flaco favor ao BNG ao citar unha obra non feita que foi a única que se lle denegou ao Concello pola Consellería de Industria. En canto á nocturnidade, considera que non se pode empregar ese termo, cando se atendeu a todas as peticións para examinar o documento orzamentario e se retrasou á data de hoxe o seu debate e aprobación.

Que non é certo que non se fagan inversións. Que se fan con pouca participación económica do Concello, pero sí coa efectiva participación económica municipal, aínda que dí que a financiación importante en contía, sexa da Xunta de Galicia. Enumerando a continuación una serie destas: Magazos, con catro obreros do Concello. Acordouse aboar o 50 % do custo do Parque de Bombeiros e do Persoal e agora non é preciso. Di que eso é xestión económica. Que lle trae ao pairo que afoguen ao goberno municipal, pero que o que non lle trae ao pairo e que se afogue a financiación.

Cita seguidamente o Informe de Intervención no referido á Policía Local, indicando que ao atoparse vacantes cinco prazas, son cinco soldos os que non se aboan e ahí existe un aforro que se pode empregar. Que a Alcaldía con todos os problemas que tivo na elaboración do Presuposto, que xa citou no Pleno, na data de vinte e oito de decembro na que se enviou a primeira Memoria para Informe do Interventor.

Que en canto ás festas, consideran que é necesario dinamizar Viveiro e para eso se estan a traer actos culturais, mencionando a seguir que agora se está a criticar que os alumeados das festas os pague o Concello. Tamén dí que as Carpas e demáis; como o Nacemento da Praza de Santa María, que o paga o Concello e o vai seguir pagando.

Que o que gobernou vinte anos non fixo nin un metro de solo industrial.

Que considera que estes Orzamentos lles permiten gobernar Viveiro con proxectos de futuro. Que algúns deberían consultar nas Consellerías sobre as inversións que se xestioan; que eso é xestionar economicamente o Concello con moi pouco diñeiro.

Seguidamente intervén o voceiro do PS de G-PSOE, Sr. Fernández Amor, que di que é evidente que son certas algunhas das cosas ditas polo PP; que había unha serie de deficiencias que se subsanaron nuns casos, pero que tendo en conta que segundo dixo o concelleiro do BNG van tarde, mal e arrastras, lle estrana moito a queixa de falta de tempo que dí. Que pouco tempo tería para elaborar ese escrito que é propaganda electoral. Que o PP fai un análise dos Presupostos pero o BNG non o fai. Que en canto á intervención do concelleiro de IU-EU, que se incumpriron en seis meses o compromiso de traer os Orzamentos ao Pleno, dí que os presentaron ao Interventor no día 28 de decembro de 2007 e que ese Funcionario terá que revisar os números do millón de euros referidos a Persoal.

Autorizado polo Sr. Alcalde a intervir; o voceiro do PP, Sr. Leal Arias efectúa as seguintes matizacións:

- 1- Polo Sr. Alcalde falouse de xestionar obras que poderían matizar pero que se congratulan de que se fagan e que sexan actuacións mínimas das que veñan nun futuro.
- 2- En canto a dinamizar o Concello con inversións en festexos, quizás non sexa a forma máis conveniente. Se podería facer mellor, xa que se trata de gastos bastante considerables.
- 3- Que se han enumerado obras de rebacheos; pero que hai que ter en conta que antes se tiveron que facer os camiños.
- 4- Que se recortan os gastos en actividades deportivas.



- 5- En canto a outras demandas da cidadanía, salvo xestións da Alcaldía o ven moi difícil.
- 6- En canto á afirmación de que presuposto é presuposición, dí que os que traballan no mundo contable teñen que atender ao que din os que teñen as competencias para informar. O mesmo que o que vai ao médico ten que tomar o que este recete. Que el non dubida da capacidade do Interventor. Que todos coñecen os principios contables de prudencia e equilibrio e os reparos concordan cos números.
- 7- En canto á intervención do concelleiro de IU-EU; non lle serve que apoie o Orzamento porque se faga ou vaia a facer unha pista polideportiva, cos reparos legais que existen e pedindo dito Concelleiro partidas para vivendas sociais que non aparecen. Tampouco lle vale a argumentación do concelleiro do BNG pois considera que estes orzamentos non difiren tanto dos de cando o BNG gobernaba, orzamentos dí, que o PP recurreu ante a Xurisdición contencioso-administrativo.
- 8- Que van a evitar a palabra crise e van a falar de desaceleración profunda, aínda que votan en falta no Orzamento Partidas comprometidas no Pleno e que non aparecen consignadas, polo que probablemente teñan que ser ás que se refire o Concelleiro Delegado para corrixir no documento orzamentario.
- 9- Que lle gustaría manifestar unha conclusión final que recolle o informe do Interventor, que dí:” El estado de ingresos del Presupuesto tiene un componente de estimación, no de limitación, lo que no significa que se pueda confundir con un todo vale. De no respetarse un límite de racionalidad, se puede llevar al Ayuntamiento a una crisis de solvencia, a inestabilidad presupuestaria y a romper el principio de prudencia valorativa, que debe imperar en toda actuación económica, máxime cuando lo que se gestiona es el interés público y la continuidad operativa de los servicios locales”.

Seguidamente polo concelleiro de BNG, Sr. Goás Basanta se insiste no pouco tempo que tivo dí para examinar o documento e o pouco participativo que foi. Que o retraso se dí que non foi culpa do Goberno. Que el entendeu que o que houbo foi dificultades para a súa elaboración. Que parece estrano que se traigan tan tarde a aprobar. Que non vai a contestar a outras alusións.

O concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño dí que na data de 28 de decembro de 2007 se entregou o Presuposto ao Interventor, polo que pide se explique que é o que pasou.

O Interventor solicita a palabra ao Presidente por alusións, indicandolle este que se a dará cando finalice o concelleiro de IU-EU.

Continúa o citado concelleiro decindo que o Interventor non ten porqué facer unha valoración do incremento dos intereses dos préstamos aínda que non dúbide da capacidade deste.



Polo Interventor, D. Fidel García Martul se comeza a dar lectura dun texto.

Neste intre o Sr. Alcalde lle pregunta a razón de porqué non o leu na Comisión Informativa; ao que o interpelado contesta, que é porque enton non o tiña escrito e se lle cita na presente sesión ; ao que o Alcalde lle dí que o lea na Comisión Informativa.

Finalmente o Sr. Alcalde dí que se compraron casas como as dos maestros, a do Riveirano e máis para vivendas sociais. Que eles se poden equivocar en canto a ingresos pero que aínda quedan seis meses de execución do Orzamento. Que non é preceptivo pedir permiso á Xunta para concertar o Préstamo. Que si hai que pedir autorización para o Plan financeiro. Que cando saia a Sentenza falarán da débeda de Paulino, do Pub City, de Lodeiro... Que ante semellante panorama teñen que seguir gobernando o Concello e que todos coñecen como se fan os Presupostos nas Administracións públicas. Que agradecen a IU-EU a gobernabilidade o que non supón que se vaia a calar.

Polo Alcalde indícase que se vai iniciar a votación. Neste intre o Concelleiro do BNG dí que na intervención súa que leu pedía se votara deixar o asunto sobre a mesa e que se ten que votar antes esa petición.

Polo Sr. Alcalde se pregunta a Secretaría que sinala que non se decatou desa petición que debe facer constar a mesma antes de que se inicie a votación.

Polo Sr. Alcalde se continúa co procedemento de votación do punto, pasándose a votar o mesmo segundo a orde do día da sesión.

Obrando no expediente os informes de Intervención e documentos preceptivos, procédese a efectuar a votación.

E o Pleno da Corporación por maioría de nove votos a favor (P S de G-PSOE e IU-EU) e oito votos en contra (PP e BNG), acorda, según a proposta da Alcaldía, dar a súa aprobación inicial :

1.- Ao Presupuesto da Administración Xeral do Concello de Viveiro, cuxo importe, tanto en ingresos como en gastos, ascende a 13.429.230, 49 euros.

2.- Aos estados de previsión de gtos e ingresos da empresa municipal Aparcamentos A mariña, S. L., cuxos importes son os seguintes:

En gastos.....174.158,95 €
En ingresos..... 196.143,41 €

3.-Aos estados de previsión de gastos e ingresos da empresa municipal Turviveiro S.L., cuxos importes son:

En gastos..... 229.316 €
En ingresos..... 233.692 €

4.- Ás Bases de Excusión do Orzamento Xeral.

5.- Á anulación das seguintes modificacións orzamentarias, por xa estar recollidas as mesmas nos créditos iniciais do Orzamento a aprobar:

Modificacións 2008n números: 1, 2, 3, 5, 9, 12, 13, 15, 17, 23, 27 y 28.



Dáse traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para a publicación do edicto no BOP a efectos da súa exposición pública e demais tramitación que preceptivamente compra facer.

2º.- PROPOSTA DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, DE CONFORMIDADE COA ORDE DE 11 DE XUÑO DE 2008, DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A IMPLANTACIÓN DUN NÚCLEO DE SOSTIBILIDADE NO CONCELLO DE VIVEIRO. ADHESIÓN Á CARTA DE AALBORG+10.

Polo Sr. Alcalde concédeselle o uso da palabra á Concelleira, D^a. Olga María Méndez Carro, que da conta da proposta lendo o punto 4º do artigo 2, da Orde de 11 de xullo do 2008, polo que se convoca e regula a réxime de concesión de axudas para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos territorios dos Concellos.

Seguidamente, intervén o Sr. Alcalde para dicir que esta solicitude non supón para este Concello, no caso de concesión da subvención, de financiación ningunha, xa que sería subvencionable o 100% polo que o informe que emitíu o Sr. Interventor non é preceptivo nin ten que acompañar a solicitude.

Intervén o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, para dicir que partindo da necesidade de que se aprobe por acordo unánime do Pleno, o grupo do PP vai a apoiar a proposta, como sempre que se trata dun beneficio para Viveiro e que non supoña custo para as arcas do Concello.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda adherirse ao proxecto cos seguintes compromisos:

- a) Levar a boa fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na entidade local contando coa colaboración da Consellería de Medio ambiente e desenvolvemento sostible.
- b) Adhesión á Carta de Aalborg+10.
- c) Colaborar na elaboración da Axenda 21 Local e da Axenda 21 Escolar, así como facilitar e promocionar a participación pública neste proceso.
- d) Crear e financiar unha Axencia Local de Sustentabilidade e a súa dotación material.
- e) Dotar e financiar, durante o período de vixencia desta Orde, o persoal necesario para o funcionamento de Sustentabilidade, mediante oferta pública de emprego, para a selección dun titulado superior.

Dése traslado á persoa encargada das subvencións para a súa tramitación.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.